

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de setembro de 2021**

Ás 17.30 horas do día 16 de setembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 22 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A LOCALIZACIÓN EN OURENSE DA SEDE DUNHA EMPRESA PÚBLICA PARA A XESTIÓN DIRECTA DAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS COA CONCESIÓN FINALIZADA.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, dá lectura ao contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, dálle a benvida a luz ao Partido Socialista de Ourense.

No mes de xuño o BNG presentou unha moción que coincide con esta e desgraciadamente non nos apoiaron. O ruído vale moito, e a estafa que están facendo con nós as eléctricas. Por fin parece que un dos dous grandes partidos do estado español decidiu meter man nunha estafa legalizada. Agarda que o PP siga o mesmo camiño e pronto tomen medidas neste sentido, posto que as portas xiratorias que se manteñen na actualidade, fai que as empresas marquen os tempos e as ganancias que deben xerarse para eles mesmos, ameazando ao Estado, esta semana, co peche das centrais nucleares sen programación previa. Son eles os que cren que mandan, e ata agora así se lles deixou. Esta moi ben que o Partido Socialista vexa a luz, pero hai pouco no río Cerves, en Melón houbo ocasión de recuperar unha central hidroeléctrica de Naturgy, e desgraciadamente o actual Goberno do Estado fixo, hai menos dun ano, unha concesión graciosa, sen contraprestación a esta empresa privada que xestiona ese ben público. Estamos a sufrir na actualidade coa eólica o mesmo que hai 70,80 ou 90 anos coa hidráulica, é dicir a esquilma deste país para uns intereses puramente privados. E ningún parece estar disposto a pararlles os pes e dicirlles que eses beneficios teñen que repercutir directamente na poboación, e deixar de dicir que xeran postos de traballo, que ultimamente son poucos e os quitan, e acabarán centralizado en Marrocos ou a outro lado do charco porque moitas cousas se poden facer telematicamente. Alégrase desta proposta, agarda que sexa de corazón e de cabeza e non pola presión da sociedade, por esta estafa legalizada, e agarda que no pleno cheguen a acordo coa do BNG máis ampla e beneficiosa e necesaria.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, sinala que fai unha reserva de voto. Este tema debateuse antes do verán. Considera que non é o foro, senón os deputados nacionais. Vistos os antecedentes de Melón, non sabe se lle fará gracia a moción ao presidente do seu partido, non a terá nin en conta. Reitera que este non é o foro. Fai reserva de voto, para ver se pode axudar, enriquecer, cambiar ou modificar.

D. Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, considera que todos os foros son axeitados para reivindicar e pedir. Se no se fai ruído parece que se achanta. Cada un debe facer, no seu foro, as demandas necesarias para o desenvolvemento da nosa provincia. Xa se debateu esta cuestión no Pleno en xuño, e ata hoxe hai circunstancias que nos deben facer reflexionar, como é o prezo do quilovatio e o baleirado dos encoros. Todo relacionado co custo de produción que se aplica á tarifa. Cabe falar da recuperación dos encoros unha vez que finaliza a concesión. As empresas miran a conta de resultados e implica aplicar novas tecnoloxías e redución de custos de persoal se lles permitimos que se fagan manipulación dos prezos finais. Nun sector estratéxico, o Estado e as administracións deben estar aí. A filosofía liberal das empresas non pode afectar ao cidadán. O custo da electricidade empeza a ser prohibitiva para moitas familias. Débese afectar nunha parte da tarifa. Os encoros son un patrimonio público, e as empresas eléctricas fanse ricas con eles, cun recurso público como é a auga, cando a concesión xa finalizou e a súa prórroga é graciable e iso non entra na racionalidade. Votará a favor desta moción. O problema eléctrico é un problema moi grave e non podemos mirar para outro lado.

A presidenta da comisión fai reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno de España para a constitución dunha entidade pública empresarial con sede social, fiscal e operativa na provincia de Ourense, para a xestión directa das centrais hidroeléctricas en todo o territorio estatal, cuxa concesión administrativa finalice.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O CONTROL PÚBLICO DOS RECURSOS HÍDRICOS E EÓLICOS DE GALIZA

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura ao contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputado non adscrito, indica que este tema xa se debateu hai uns meses. Considera que é un tema preocupante pero considera que este non é o foro. É importante facer ruído pero os debates da Deputación Provincial considera que non teñen repercusión a nivel nacional. Se hai persoas que teñen repercusión a nivel nacional cos seus

feitos, temos un subdelegado do goberno, un delegado do goberno a nivel Galicia, temos responsables provinciais a nivel nacional que cobran para isto. Hai que facer ruído porque é moi grave o que está a suceder, a nivel particular e tamén para moitos autónomos e empresas que están pensando en baixar as persianas, porque non lles dá para pagar as facturas, duplica ou triplica o que pagaban hai meses. Como é un tema importante, aínda que non é o foro, se pode achegar, modificar e ver as cousas dende outras perspectivas, hai que buscar o ben común e que non se dispare a factura de luz que é inadmisíble. Fai abstención ata o día do Pleno.

D. Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, sinala que esta institución debe adoptar unha posición que sexa coñecida publicamente. E mantén relación con outras administracións. Considera que todos estes debates son interesantes e importantes. Considera que ambas mocións son compatibles. Votará a favor desta moción polos mesmos razoamentos que fixo na moción anterior. Coincide co que expuxo don Bernardo. Pon exemplo do impacto do incremento do quilovatio dunha rede social, todos os días da semana está incrementándose, e é imposible que a economía dun país poida soportalo. Estase manipulando o prezo e atácase ao medio ambiente. Congratúlase das mocións do PS de G-PSOE como a do BNG.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indícalle a dona Montse Lama que nos últimos plenos e comisións fai referencia a que este non é o foro. Parécelle, cando se manifesta isto, que é un menosprezo ao traballo dos compañeiros. Ela trouxo unha moción para reprobar a BILDU e ningún cuestionou se era ou non o foro adecuado. Este debate cambiou porque cambiaron durante todo o verán as circunstancias e a sociedade galega e española, se replantearon medidas e reflexións. A repercusión non debe preocupar máis alá da achega nosa a este debate, que se vai ampliar na sociedade galega. Está repercutindo no peto da toda a sociedade particulares, autónomos. Recentemente o goberno tomou medidas, adecuadas e suficientes ou non. Parte da prensa, de dereita, lamentábase das perdas das eléctricas na bolsa, a resistencia vai ser enorme. As institucións deben dar resposta, as institucións móvense se as facemos mover. Eu pertenzo a un partido político que goberna agora. Temos que dar o debate en todas as institucións. Nós queremos reflectir o que está na rúa. A política das eléctricas débese debater. Fai reserva de voto.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, responde que o Partido Socialista teña a desvergoña de dicir que menospreza, se alguén foi menosprezada en moitos plenos e comisións considera que foi ela. Non quere entrar. É a súa opinión. Pide que se respecte a

opinión dos demais. Engade que a democracia é respectar a opinión dos demais. Ela non menospreza o seu traballo. A súa opinión é que este non é o foro. A preocupación de todos é a factura desmesurada da luz que está a chegar a todos os fogares e empresas. Pide chegar todos xuntos a un acordo común a nivel nacional para que isto deixe de acontecer.

D. Bernardo Varela López, do BNG, considera que este é o foro. Cando trouxeron isto no mes de xuño, no eran visionarios. Vense producindo dende hai anos. No ano 2008 coa crise económica, as empresas eléctricas como non lles saían ben a conta de resultados, incrementáronlles aos concellos a iluminación pública nun 80%, cando era un servizo público de primeira necesidade. Os alcaldes que teñen encoros nos seus concellos, dirán que este é o foro, porque eses concellos ven reducidos os ingresos que cobraban. A afección de cara á cidadanía e empresas é de vergonza. Estamos ante unha filosofía liberal, pero ao final acabando rescatando á banca, construtoras. Hai que baixar os impostos por unha circunstancia excepcional, pero as empresas seguen gañando unha barbaridade. O estado debe pararlles os pes, porque están xerando un grave dano á sociedade en xeral.

D. Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, en relación con se somos ou non competentes, di que o que está pasando coas eléctricas e coa banca, as administracións debemos implicarnos, a factura da luz a pagan os cidadáns, e os servizos bancarios. Considera que a Deputación Provincial ten que implicarse neste debate.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito, e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1), e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Instar á Xunta de Galiza a asumir as máximas competencias en materia de enerxía que lle outorga o Estatuto de Autonomía do 81.

2.º Instar da Xunta a creación dunha empresa pública galega de enerxía que planifique, impulse e participe nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos. E que teña por único obxectivo preservar os intereses económicos, sociais e medioambientais da sociedade galega.

3º. Demandar que todos os saltos que caduquen tanto no ámbito de Augas de Galiza como das bacías galegas que dependen de Madrid, como é o caso do Miño-Sil, sexan retornados para o público.

4º. Esixir a xestión galega das nosas canles fluviais. Instando á Xunta a que demande as debidas competencias para que Galiza xestione directamente os seus ríos e bacías, co fin último de evitar que as empresas eléctricas comprometan os intereses ambientais do país e exploten os nosos recursos naturais de costas os intereses dos galegos e galegas.

5º. Instar ao Parlamento de Galiza a creación dunha comisión de investigación que analice as consecuencias e responsabilidades do baleirado de encoros, ben sexan autonómicas, estatais ou das empresas enerxéticas. Impulsando as medidas de compensación axeitadas.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se temos novidades respecto ao hotel termal neste edificio. Díciase na prensa que era para 2023 ou para 2027.

A presidenta da comisión responde que as catas, a temperatura e propiedades mineiro medicinais parecen que son as adecuadas. Cando haxa avances xa se comunicarán.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que a súa pregunta era sobre as reunións do presidente cos empresarios hoteleiros, pero xa a fixo don Bernardo. Pregunta sobre o programa de termalismo social 2021.

A presidenta da comisión responde que tal e como adiantou o presidente onte en Termatalia, as bases do programa de termalismo social 2021 aprobaranse na Xunta de Goberno do vindeiro luns. Entre o 1 e o 15 de outubro xa estarán abertos os sete balnearios da provincia. E posiblemente no mes de outubro, unha vez aprobado o orzamento, aprobaranse as bases de 2022, para que arranque o programa.

E, ás 18.17 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

